

Acta da reunión extraordinaria da Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos

Día: 27 de setembro de 2019

HORA: 12:00-12:50 h

LUGAR: Sala de Xuntas X 3.2 da ETSE (Santiago)

Asistentes: Cristina Díaz Jullien, Julia González Álvarez, Jorge González Rodríguez, Ramón F. Moreira Martínez, M. Carmen Palacios Oubiña, Eva Rodil Rodríguez, Ana M. Soto Campos.

Disculparon a súa ausencia: Cristina Cambeses Franco, Gumersindo Feijoo Costa, Trinidad de Miguel Bouzas, Anuska Mosquera Corral, M. Dámaso Rodríguez Fernández.

1. *Informes.*

- 30/07/2019 A Comisión de calidade da ETSE aproba o Sistema de Garantía de Calidade da ETSE, a guía de alumnos do curso 2019-20 e o calendario da ETSE 2019-20.
- 03/09/2019 Ampliación do prazo de matrícula nas prazas vacantes do Máster ata o 2 de outubro.
- 10/09/2019 Acto de benvida aos alumnos de primeiro curso. O número de alumnos de novo ingreso matriculados é neste momento de 19, dos cales 10 son egresados do Grao en Enxeñaría Química da USC e os 9 restantes (47,4%) distribúense da seguinte forma: 4 da Universidade de Salamanca, 1 da Universidade de Valladolid, 1 da Universidade de Cantabria, 1 da Universidade de Oriente (Venezuela) e 2 da Universidade de Concepción (Chile) a través do convenio de dobre título recentemente asinado.
- Como en cursos anteriores o investigador Thelmo Alejandro Lu Chao incorporouse como colaborador do Departamento de Enxeñaría Química nas prácticas da materia Bioprocesos.

2. *Aprobación, se procede, das actas das reunións do 30 de xullo e 9 de setembro de 2019.*
Apróbanse.

3. *Ratificación de aprobacións polo procedemento de urxencia.*

- Cambio data de exame: Detectouse un erro na data dun exame que estaba posto un domingo polo que houbo que aprobar o cambio de data. Trátase do exame da materia Tecnoloxías para a valorización de biomasa que pasa do 7 de xuño ao 1 de xuño de 2020.
- Aprobación do recoñecemento de prácticas en empresa por experiencia profesional de Daniel Daniel Ferreiro Gómez: A Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos acordou emitir informe favorable ao recoñecemento de estudos solicitado polo alumno Daniel Ferreiro Gómez. O alumno solicitou o recoñecemento da materia "Prácticas en Empresa" de 12 ECTS polas prácticas formativas desenvolvidas na empresa Alúmina Española S.A. por un período de 3 meses e 9 días a tempo completo a través do Programa de Becas de formación de FEUGA. A decisión basouse na duración do contrato e nas características do traballo desenvolvido polo alumno na citada empresa, segundo o exposto no informe das prácticas presentado, que se corresponde co que realizaría como alumno da materia do Máster para a que solicita o recoñecemento.

4. *Actas consolidadas de Traballo fin de Máster e Prácticas en empresa do curso 2018-19.*

Co fin de elaborar as actas consolidadas de Traballo fin de Máster e Prácticas en Empresa do curso 2018-19, a Comisión Académica do Máster decide a concesión de Matrícula de Honra da materia Traballo fin de Máster ao alumno Jorge González Rodríguez por acadar a maior calificación na materia (9,5).

En canto a materia Prácticas en empresa a partir do curso 2016-17 a Comisión decidiu non asignar Matrículas de Honra xa que considera que neste caso non hai elementos de xuízo suficientes para decidir a súa asignación.

5. *Aprobación cambio de data de exame.*

O Prof. Juan M. Lema solicitou o cambio da data de exame de primeira oportunidade da materia Bioprocesos do 21 ao 17 de outubro de 2019 á mesma hora, por non encontrarse en Santiago na data inicialmente fixada. Ademais o exame é oral polo que non existe a alternativa de que o faga outro profesor. A Comisión aproba o cambio.

6. *Aprobación das datas para as enquisas de satisfacción dos estudantes coa docencia recibida.*

A Comisión acorda as seguintes datas para a realización das enquisas que se comunicarán a área de calidade:

8 a 15 de outubro de 2019:

Biocatálise
Bioenxeñaría
Bioprocesos

12 a 19 de decembro de 2019:

Deseño conceptual de procesos
Modelización mediante fenómenos de transporte
Simulación con métodos numéricos
Enerxética industrial
Análise e xestión de riscos industriais.

14 a 21 de febreiro de 2020:

Habilidades directivas
Xestión empresarial
Creación de empresas.

15 a 22 de abril de 2020:

Planificación da investigación.

30 abril-7 de maio de 2020:

Tecnoloxías para a valorización de biomasa
Enerxía e contaminación atmosférica
Xestión do ciclo de vida de produtos e procesos
Reoloxía de biopolímeros
Líquidos iónicos en procesos químicos e bioprocesos
Modelización termodinámica e cinética de procesos de secado
Ecoprocesos para o tratamento de augas
Técnicas e metodoloxías en laboratorios de I+D
Tecnoloxías innovadoras para o tratamento de efluentes
Dirección de proxectos de enxeñaría.

7. *Aprobación de propostas de Traballo fin de Máster.*

A Comisión aproba as seguintes propostas de Traballo fin de Máster:

Alumna/o: Ana Arias Calvo

Titor/Cotitor: María Teresa Moreira Vilar

Título: Evaluación ambiental de adhesivos empleados en la industria maderera.

Alumna/o: Manuel Barcala García

Titor/Cotitor: Ramón F. Moreira Martínez, Jorge Sineiro Torres

Título: Influencia de tratamientos ultrasónicos en la extracción de alginatos y polifenoles de *alga parda Ascophyllum nodosum*

Alumna/o: Mateo Saavedra del Oso

Titor/Cotitor: Almudena Hospido Quintana, Miguel Mauricio Iglesias

Título: Importancia dos métodos de extracción na sustentabilidade da produción de bioplásticos.

8. *Convocatoria de Traballos fin de Máster do curso 2019-20.*

Co fin de elaborar a convocatoria oficial de Traballos fin de Máster (TFM) para o curso 2019-20 solicitouse ao Departamento de Enxeñaría Química e a todos os profesores do Máster a formulación de propostas. Presentáronse as propostas que se presentan no Anexo I que son aprobadas pola Comisión.

Apróbanse para a súa incorporación á convocatoria.

9. *Acción de mellora: Presentación grupos de investigación do departamento.*

Temos pendente o desenvolvemento dunha acción de mellora da axenda 2018-19 na que se propuso facer unha presentación dos grupos de investigación do Departamento de Enxeñaría Química aos alumnos do Máster. A Comisión Académica propón realizala o 28 ou 30 de xaneiro de 2020. A Coordinadora encargárase de organizala.

10. *Asuntos de trámite.*

Non houbo asuntos que tratar.

11. *Quenda aberta.*

A Prof. A.S.C. indica que será muy difícil conseguir 40 alumnos de 2º-3º del GREQ para colaborar na materia Dirección de proxectos de enxeñaría. Proponse estudar a posibilidade de que a actividade sexa reconecida como créditos optativos.

Julia González Álvarez
Coordinadora do Máster

ANEXO I

Nº	TÍTULO	TITOR(A) COTITOR(A)	NÚM PRAZAS	OBSERVACIÓNS
1	Potencial de los efluentes de conservera para la producción de ácidos grasos volátiles	Marta Carballa Arcos y Miguel Mauricio Iglesias	1	Se realizará una entrevista personal previa selección de la candidata o candidato
2	Fermentación de glucosa a elevadas relaciones sustrato/inóculo para el control de la producción de ácidos grasos volátiles	Marta Carballa Arcos y Miguel Mauricio Iglesias	1	Se realizará una entrevista personal previa selección de la candidata o candidato
3	Evaluación de nuevos sólidos porosos para la separación selectiva de gases contaminantes	Diego Gómez Díaz y José Manuel Navaza Dafonte	1	
4	Desarrollo de nuevos materiales porosos y su aplicación a la eliminación de contaminantes de efluentes líquidos.	Julia González Álvarez y Antonio Rumbo Gómez	1	Podrá realizarse una entrevista personal.
5	Son válidas a regras heurísticas de deseño dende unha perspectiva de análise de ciclo de vida?	Almudena Hospido Quintana y Miguel Mauricio Iglesias	1	
6	Análise dos impactos ambientais da fin de vida dos biopolímeros: na procura de novas metodoloxías e indicadores	Almudena Hospido Quintana y Miguel Mauricio Iglesias		
7	Producción de polihidroxibutirato (PHB) a partir de agua de cocción de mejillón (MPW) utilizando una bacteria halófila.	Almudena Hospido Quintana y Thelmo Alejandro Lu Chau	1	
8	Valorización del bagazo de manzana para la obtención de compuestos fenólicos y ABE (acetona-butanol-etanol)	Juan M. Lema, Gemma Eibes y Thelmo A. Lú Chao	1	
9	Adsorción/desorción de flototáninos en resinas macrorreticulares no iónicas	Ramón Moreira Martínez y Jorge Sineiro Torres	1	
10	Integración del enfoque de ecoeficiencia para la producción acuícola en México.	Mª Teresa Moreira Vilar	1	
11	Producción de perioxigenasa inespecífica (UPO) mediante el hongo <i>Agrocybe aegerita</i>	Mª Teresa Moreira Vilar y Gemma Eibes	1	
12	Modificación enzimática de ligninas para la formulación de adhesivos	Mª Teresa Moreira Vilar y Thelmo A. Lú Chau	1	

Nº	TÍTULO	TITOR(A) COTITOR(A)	NÚM PRAZAS	OBSERVACIÓN
13	Metodoloxía e modelización do cálculo das huellas hídrica e de carbono das principais capturas da flota gallega	M ^a Teresa Moreira Vilar e Amaya Franco Uría	1	
14	Evaluación do efecto da salinidade nun sistema de produción de triacilglicéridos (biopolímeros) a partir dunha corrente residual da industria conservera con alto contido en lípidos	Anuska Mosquera Corral e Ángeles Val del Río	1	
15	Producción de biopolímeros e eliminación de nitróxeno no tratamento de augas residuais mediante procesos biolóxicos	Anuska Mosquera Corral e Ángeles Val del Río	1	
16	Evaluación dos procesos de nitrificación parcial e anammox para a eliminación de nitróxeno dos efluentes do tratamento primario dunha EDAR.	Anuska Mosquera Corral e Ángeles Val del Río	1	
17	Sistemas eutécticos surfactante-polímero para a recuperación mellorada de petróleo	Héctor Rodríguez Martínez e Ana M. Soto Campos	1	
18	Estrategia de formación de eutécticos para a licuefacción de substancias con actividade biolóxica	Héctor Rodríguez Martínez e Ana M. Soto Campos	1	
19	Diseño de formulacións con nanopartículas para recuperación mellorada de petróleo	Ana M. Soto Campos e Eva Rodil Rodríguez	1	